

RESOLUCIÓN DO 22 DE OUTUBRO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2021/12, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA DEFINITIVA COA VALORACIÓN DA PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA DE COÑECEMENTOS.

En sesión que tivo lugar o 22 de outubro do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo REF.PER.-2021/12, para a selección e posterior contratación dun/ha Mestre/a Carniceiro/a mediante contrato laboral temporal por interinidade, polo procedemento de concurso-oposición, para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva coas puntuacións da proba teórico-práctica de coñecementos, de conformidade co disposto no artigo 7.1. das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2021/12.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva coas puntuacións da proba teórico-práctica de coñecementos, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

De conformidade co disposto no artigo 7.1. das bases da convocatoria, pasan á segunda fase do proceso selectivo aquelas persoas que acadaron unha puntuación igual ou superior a tres (3) puntos na proba escrita teórico-práctica de coñecementos.

Terceiro.- Anunciar que a segunda fase do proceso selectivo terá lugar o día 9 de novembro do 2021 ás 10:00 horas nas instalacións da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, C.P. 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense), segundo se recolle no ANEXO II que se achega coa presente acta.

Consistirá nunha proba práctica de carácter eliminatorio e obrigatorio que se desenvolverá na planta piloto da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e que versará sobre as materias seguintes:

- Preparación das pezas cárnicas para a súa comercialización.
- Manipulación e envasado de pezas cárnicas.
- Elaboración de derivados cárnicos.
- Elaboración de conservas e cociñados cárnicos.
- Manexo e mantemento de equipos de planta piloto.



O tempo de desenvolvemento da proba práctica será fixado pola Comisión de selección previamente á súa realización, informándose ás persoas candidatas ao comezo da mesma.

As persoas convocadas deberán comparecer provistas de máscara e cunha antelación máxima de 15 minutos. Prégase puntualidade.

San Cibrao das Viñas, 22 de outubro do 2021.

A presidenta da Comisión de Selección

María Belén González González

ANEXO I

Lista definitiva de puntuacións da proba teórico-práctica de coñecementos

APELIDOS	NOME	Puntuacións definitivas da proba teórico-práctica de coñecementos
DOBAÑO FERNÁNDEZ	BEATRIZ	2,5
GONZÁLEZ NÚÑEZ	PABLO	2,775
GONZÁLEZ PEAGUDA	ADRIANA	3,8
TEJADA CID	BELÉN	-

ANEXO II

Persoas candidatas convocadas á proba práctica

APELIDOS	NOME	HORA DE INICIO DA PROBA PRÁCTICA
GONZÁLEZ PEAGUDA	ADRIANA	10:00